



RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 22 DE XUÑO DE 2010

Ás 10.00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno, baixo a presidencia do Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez de acordo coa orde do día previamente circulada para o efecto que figura no [anexo I](#).

1. Informe do reitor

O reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno, dos nomeamentos (Carlos Alberto Amoedo Souto, secretario xeral; Pablo Cancelo López, secretario do Instituto Universitario de Estudos Irlandeses “Amegin”; María Jesús Grela Barreiro, xerente) e cesamentos producidos desde o último Consello de Goberno (Xosé Manuel Carril Vázquez, ex-secretario xeral; David Clark Mitchell, ex-secretario do Instituto de Estudos Irlandeses; Xosé Manuel Vázquez Mosquera, asesor da Area de Urbanismo do Servizo de Arquitectura), agradecendo os servizos prestados á Universidade por todos os cesados.

A continuación, informa da solicitude presentada pola Universidade da Coruña o 31 de maio para o *Campus de excelencia internacional*.

O reitor dá conta do borrador de convenio enviado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) respecto da residencia universitaria, así como do estado da súa tramitación, anunciando que, unha vez rematada esta, será traído para a súa ratificación polo Consello de Goberno.

Sobre a negociación do plano de financiamento, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten previsto aprobalo no mes de xullo para o período 2011-2015.

Actualmente, pendentes da incorporación dos novos equipos das universidades de Vigo e Santiago, estase a traballar en paralelo en todos os documentos (diagnose, liñas de actuación e indicadores), sen que ningún deles estea pechado.



Aínda non se teñen datos sobre as dispoñibilidades orzamentarias para 2011, mais apuntouse a posibilidade de ter unha redución dos fondos. En canto aos obxectivos para 2015, a Consellería propón o 1% do PIB, que se considera pouco ambicioso por outros negociadores, xa que é o punto de partida doutras comunidades comparables.

Asemade, sinala que, desde o anterior Consello de Goberno, consonte a Base 9ª.2 do Orzamento, a Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica imputou ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio 2009 por importe de 1.095.339,01 euros nos expedientes V-0003-10 e V-0004-10. A Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do catro de xullo validou expedientes de gasto e imputounos a créditos de 2010 por importe de 296.774,77 euros nos expedientes C-0003-10, C-0004-10 e C-0005-10.

A seguir, o reitor pásalle a palabra á xerente, quen informa sobre os seguintes puntos:

- A xerente indica que a nómina do mes de xuño se está confeccionando de conformidade co que dispón o Real decreto-lei 8/2010, polo que o aboamento da paga extraordinaria se fixo de xeito separado. Se a Lei autonómica pola que se modifica a Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma se publicase antes do aboamento da nómina correspondente ao mes de xuño, faríanse as modificacións necesarias. A nómina axustarase, en calquera caso, ás normas de rango legal que sexan de aplicación en cada caso.
- Publicáronse no DOG as convocatorias de selección de persoal funcionario da escala auxiliar administrativa (C2) e da escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos (C1) (DOG do 20 de maio de 2010). Tamén se publicou a convocatoria para a selección de telefonistas no DOG do 12 de maio de 2010, categoría incluía no colectivo de PAS laboral.
- Publicarase unha modificación que afecta á Resolución pola que se regula a xornada de traballo do PAS da UDC. Segundo esta instrución do 1 ao 15 de setembro a xornada de traballo é de 9.00 h a 15.00 h e de 15.00 h a 21.00 h. Tendo en conta que o día 13 de setembro comeza o curso é necesario que a partir desta data o horario



sexa de 08.00h. a 15.00h. A xerente sinala que se habilitará o xeito de compensación destas 2 horas.

- Con respecto ao Convenio de mobilidade do PAS funcionario do SUG sinalar que as dúas prazas que dependen da USC están a disposición da Universidade da Coruña; unha delas nos próximos días e a outra no mes de setembro. Con respecto ás dúas prazas que corresponden á Universidade de Vigo, sinálase que polo momento non hai data, xa que estamos pendentes de prazas dispoñibles.

O reitor dálle a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen dá conta e informa de que está elaborada a normativa académica para o vindeiro curso 2010/2011. Esta normativa será enviada proximamente aos centros e servizos.

Na súa quenda de informe, o secretario xeral informa ao Consello de Goberno da interposición dun recurso de alzada contra a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia do 8 de marzo de 2010, pola que acorda archivar a petición de declaración do barrio de Ferrol Vello como Ben de Interese Cultural. O secretario sinala que o 12 de maio de 2010, a Facultade de Humanidades de Ferrol, reunida en xunta extraordinaria, solicitara a interposición das accións legais oportunas contra o anterior acto. O recurso administrativo de alzada foi interposto en tempo e forma o 21 de maio de 2010, e o prazo para a súa resolución é de tres meses.

Na súa quenda, o vicerreitor de Cultura e Comunicación informa sobre os cursos de verán 2010 e lembra que pechou a segunda convocatoria de axudas para reunións, simposios, conferencias. Por último, repasa as campañas de comunicación e difusión desenvolvidas para dar a coñecer a nosa Universidade.

Rematados os distintos informes, o profesor Xosé Manuel Casabella solicita coñecer a repercusión da folga de funcionarios do pasado 8 de xuño.

A xerente sitúa o seguimento da folga nun 58%. O profesor Casabella pide que se detalle a información por centros e estamentos, petición aceptada pola Xerente.



2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 28 de abril de 2010

Apróbase, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do 28 de abril de 2010, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral infórmaos dos convenios que figuran no [anexo II](#), que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (6), convenios específicos (26) e convenios para prácticas (57) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

4. Calendario de estudos de doutoramento para o curso 2010-2011

A vicerreitora de Investigación informa sobre a proposta de calendarios aprobada pola Comisión de Doutoramento que figuran no **Anexo III**, e propón a súa aprobación polo Consello de Goberno.

O profesor Casteleiro solicita aclaración sobre a existencia dunha convocatoria de setembro.

A vicerreitora aclara que nos anteriores estudos conducentes á obtención de DEA existía esta convocatoria pero non así nos do novo RD 1393/2007. Non obstante, no caso particular do doutoramento da ETSE de Camiños, Canais e Portos que foi presentado e acreditado pola vía excepcional estase a habilitar a posibilidade de entregar os traballos recollidos na memoria de verificación no mes de setembro, sen que isto constituía unha nova convocatoria.

Aclarados os anteriores extremos, os calendarios apróbanse por asentimento segundo figuran no devandito [anexo III](#).



5. Recurso Premio Extraordinario

O reitor retira o punto da orde do día por estar pendente de informe da asesoría xurídica, e remítese a súa resolución ao vindeiro Consello de Goberno.

6. Oferta xeral libre elección 2010-2011

O Sr. Reitor dálle a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen presenta a oferta xeral de libre elección conforme figura no [Anexo IV](#).

A dita oferta apróbase por asentimento do Consello de Goberno.

7. Asimilación de cargos de xestión aos cargos académicos establecidos na Universidade da Coruña para os efectos de acreditación

O vicerreitor de Profesorado toma a palabra para explicar que a proposta ten que ver co réxime de acreditación por vía extraordinaria, dos profesores Titulares de Escola Universitaria (TEU) e profesores funcionarios numerarios da Escala de Profesores do INEF de Galicia, con tese de doutoramento.

Do que se trata é de establecer a asimilación de cargos de xestión aos establecidos nos Estatutos, para os únicos efectos de obter a devandita acreditación polos órganos externos correspondentes.

Na quenda de intervencións, Xosé Portela intervén para solicitar que se manteña un criterio de altruísmo no exercicio dos cargos académicos representativos.

Teresa González mostra o seu abraio e asombro, pois non entende que se valoren estes postos representativos para os efectos de progresar na carreira administrativa. Anuncia o seu voto en contra.

Felipe Fernández di que se abre un portelo de gravísimas consecuencias, insistindo en que non se poden valorar os cargos de xestión para progresar na carreira administrativa.



Replica o vicerreitor de Profesorado, explicando de novo a finalidade e o alcance da asimilación proposta.

Prodúcense varias intervencións (Xosé Manuel Casabella, Teresa López, Francisco Alonso Tajés, Manuel Casteleiro) para manifestar o apoio á medida, subliñando a xenerosidade do cadro de equivalencias.

Xabier de Salvador manifesta o seu acordo coa proposta, pero solicitando que se recoñezan tamén os cargos exercidos na UDC entre 1990 e 1992. En quenda de réplica, o vicerreitor explica que a certificación da asimilación sitúase como límite no ano 1992 pois ese é o ano de aprobación dos Estatutos da Universidade, que fixan os cargos universitarios que se configuran como parámetro da asimilación.

Sometida a votación, apróbase a proposta por 30 votos a favor, 4 en contra e 2 abstencións segundo figura no [Anexo V](#) coa corrección de dous erros de transcripción detectados na documentación orixinalmente achegada aos membros do Consello de Goberno.

8. Programa de promoción do PDI acreditado

O vicerreitor de Profesorado expón que se acreditaron varios profesores a catedráticos de universidade, polo que procede aplicar o programa de promoción do PDI acreditado.

O punto apróbase por asentimento do Consello de Goberno.

9. Programa de promoción dos profesores contratados polo Programa Parga Pondal

O vicerreitor de Profesorado expón as condicións deste programa (acreditación máis avaliación positiva do programa Manuel Colmeiro por parte da Xunta de Galicia), e subliña que aínda non chegou a avaliación da Xunta, polo que retira o punto da orde do día.



10. Prazas de profesorado

O reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Profesorado, quen dá conta da proposta de relación de prazas de PDI funcionario que figuran no [anexo VI](#) e que contan co informe favorable da Mesa Sindical e da COAP.

Apróbase por asentimento esta proposta de transformación de cinco prazas de contratado doutor en titular de universidade como consecuencia da súa acreditación coa inclusión dunha praza máis das que figuraban na documentación facilitada aos señores membros do Consello segundo figura no dito anexo.

Apróbase tamén a relación de prazas de mestrados para o curso 2010/2011 e que figuran no [Anexo VII](#).

Informa así mesmo, das prazas de promoción do PDI contratado e das prazas de PDI contratado ao abeiro das transitorias dos Estatutos: contratados laborais que conseguiron a acreditación doutra categoría superior de contratado laboral. Por Convenio colectivo procede crear as ditas prazas que logo da inclusión dunha nova praza de Diego Andrade Canosa, se aproban segundo figuran no [Anexo VIII](#).

De seguido, informa das prazas solicitadas de PDI contratado pola elaboración do POD para o curso 2010/2011 que figuran no [Anexo IX](#). Adaptación ao EEES. 34 prazas conxunturais, derivadas do solapamento dos planos de estudo. 17 responden a necesidades estruturais. 6 prazas de asociado T1P6 de docencia clínica do grao de terapia ocupacional. Os contratados interinos de substitución teñen unha ocupación de 270 horas.

Informa tamén de nove prazas engadidas posteriormente á documentación remitida aos membros do Consello.

Contratados de substitución por 220 horas o ano pasado: as prórrogas mantéñense a 220 horas, para non variar substancialmente as condicións de traballo.

Na quenda de intervencións, o profesor Casabella pregunta cal será a titulación esixible para as prazas de contratado de substitución de Construcións Arquitectónicas. O vicerreitor de Profesorado suxire que en



principio, e salvo imposibilidade legal, sería posible cubrir estas prazas tanto con diplomados, como con arquitectos técnicos.

O profesor Primitivo González interésase pola praza de asociado de Construcións Navais, destinada a cubrir a docencia derivada da xubilación do profesor Amorín.

Apróbase por unanimidade do Consello de Goberno esta relación de prazas segundo figura no [Anexo X](#), coa inclusión das nove prazas mencionadas que non figuraban inicialmente e apróbase tamén solicitar dos centros e departamentos axilizar os trámites de cobertura destas prazas, nos termos recomendados polo Sr. Vicerreitor de Profesorado.

11. Tribunais de prazas de PDI funcionario

Logo de que o vicerreitor de Profesorado informase dos tribunais das prazas de PDI funcionario que figuran no [anexo XI](#), apróbase por asentimento a composición dos ditos tribunais.

12. Cambios de dedicación

O vicerreitor de Profesorado retira o cambio de dedicación de Laura Varela Candamio da relación, e solicita engadir a Carlos Rodríguez Moreno, asociado de Farmacoloxía, que pode pasar de P6 a P3.

Logo deste cambio, apróbase por asentimento o cadro de solicitudes de dedicación que figuran no [Anexo XII](#).

13. Cambios de área/departamento

O vicerreitor de Profesorado dálles conta aos membros do Consello de Goberno das dúas solicitudes de cambio de departamento que figuran no [Anexo XIII](#)

Apróbanse por asentimento os cambios solicitados.

14. Permisos e licenzas

O Sr. Vicerreitor de Profesorado dá conta da solicitude dun permiso que figura no [Anexo XIV](#) que é aprobado por asentimento.



15. Venias docentes

O reitor dálle a palabra ao vicerreitor de Profesorado, quen dá conta das solicitudes de venias docentes para o curso académico 2010/2011 que figuran no [Anexo XV](#) e que contan cos informes preceptivos.

Apróbanse por asentimento as venias docentes en cuestión.

16. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, Felipe Fernández solicita máis información sobre o Plano de financiamento, especialmente á vista da intención da Xunta de rematar o Plano no vindeiro mes. Ademais, pregúntalle á xerente se xa se enviou ao DOG a convocatoria de concurso de PAS funcionario; e interésase sobre a convocatoria de axudantes de biblioteca.

Teresa González pregunta pola nómina do mes de xuño do PAS funcionario. Solicita que non se aplique o recorte máis que ás retribucións básicas. Asemade, critica que non se falase previamente co PAS antes de presentar publicamente o proxecto de Campus de Excelencia Internacional.

Xosé Portela saúda o nomeamento da Xerencia, e solicita o nomeamento da vicexerencia vacante nun breve prazo de tempo. Pregúntalle ao vicerreitor de Asuntos Económicos sobre a porcentaxe de PIB que formula a Xunta (1%), e sobre a progresividade na aplicación desa porcentaxe.

Ao respecto da aplicación do Real decreto-lei 8/2010, pide que a Universidade se posicione en contra, e teña unha política propia.

Respecto do Campus de Excelencia, manifesta que debería involucrarse máis a comunidade universitaria; reclama que a comunidade universitaria, en especial o PAS, conte con información previa.

Respecto da Oficina de Software libre, critica a política de implantación do software libre, e solicita a fixación de calendarios en tal sentido.

María Jesús Manso Revilla pon de manifesto a súa preocupación polas dificultades que vai provocar o comezo do curso o 13 de setembro.



Teresa López solicita extremar o celo para que se mellore a seguridade viaria na contorna do seu centro.

Nas quendas de réplica, o vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica expón os prazos do plano de financiamento 2011-2015, e sinala que actualmente estamos no 0,74 % do PIB.

A xerente informa de que o pasado 17 de xuño se publicou no DOG unha modificación técnica da RPT (erros, observacións) e que figura no [Anexo XVI](#). Contesta as observacións sobre a nómina de xuño, así como sobre o concurso de traslados, que se pretende enviar ao DOG esta semana.

A vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías contesta tamén as cuestións referentes á implantación do software libre.

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións contesta a intervención relativa á data do comezo de curso, sinalando que se trata dunha data común a moitas universidades españolas, recomendada ademais pola Xunta de Galicia, e que é a data das tres universidades galegas.

Tras o anterior, e sen máis asuntos que tratar, o reitor remata a sesión ás 12:44 h.